

Condições xerais para a subscrición á liña editorial Urco:

Dunha banda:

URCO editora comprométese a:

1. Entregar sen custo adicional de envío aos seus subscritores os exemplares que saque á venda desde a data de inicio do compromiso (data de recepción do formulario de inscrición por parte da editora), así coma a factura correspondente ao envío, detallando convenientemente o importe do IVE e mailo importe total da factura.
2. Reenviar exemplares defectuosos sen cargo para o subscritor, cando o defecto motivo da devolución sexa o de impresións defectuosas ou incorrectas, previa notificación por parte do subscritor.
3. Notificar vía email aos seus subscritores as novidades, antes de realizar o envío da publicación, cunha antelación mínima de 7 días á data de envío do pedido.
4. Non facilitar os datos dos seus subscritores a terceiras persoas, baixo ningún pretexto e no momento en que o subscritor non renove a súa subscrición, os seus datos serán borrados definitivamente dos ficheiros de Urco.
5. Comunicar que Urco editora é propiedade de Edizer Servizos Editoriais con CIF G-70064456 e domicilio social sito na rúa das Salvadas N°39, 2ºB C.P. 15705, Santiago de Compostela.
6. Ofrecer un desconto do 10% do prezo de venda ao público aos seus subscritores e un desconto do 1% adicional por cada novo subscritor que acepte as condicións do presente documento e nos remitan os nosos clientes, ate un desconto máximo adicional do 10%. Este desconto se aplicará na primeira factura emitida desde a alta do novo subscritor e até a fin da subscrición.
7. Aceptar as condicións referidas no presente documento.

E doutra:

O SUBSCRITOR comprométese a:

1. Responsabilizarse persoalmente dos gastos derivados da subscrición (pagamento da factura remitida no envío) e de que os datos achegados mediante os formularios de inscrición son correctos. En caso de que algún dos datos aportados non sexa válido, Urco editora resérvase o dereito de escindir as súas obrigas.
 2. Reenviar os exemplares defectuosos a Urco editora para o reemprazo do mesmo.
 3. Notificar calquera cambio nos seus datos a Urco editora nun prazo de tres días de antelación ao envío dos exemplares.
 4. Acreditar que é maior de idade e con plena capacidade legal.
 5. Aceptar as condicións referidas no presente documento.
- O envío dos datos requiridos para a subscrición por parte do subscritor e a recepción por parte de Urco editora dos mesmos, acreditan a lectura do presente documento e a aceptación das condicións referidas no mesmo.
 - Urco editora non se fai responsable de incidencias circunstanciais que veñan da man de terceiras persoas (incumprimento por parte de provedores, folgas nos servizos postais...) ou causas de forza maior (inclemencias meteorolóxicas, fallos nos servidores de correo...).
 - A duración do presente contrato é dun ano, que se renovará automaticamente por períodos similares a menos que o subscritor decida rescindilo.